



Innova PEME 2017

Axudas para fortalecer a competitividade das pemes galegas a través da mellora da súa capacidade innovadora

Descripción / Obxectivos

Axudas ás pemes, destinadas ao financiamento das actividades integradas en Plans de Innovación que lles permitan sistematizar os procesos de innovación da empresa e estean aliñadas coas prioridades establecidas na RIS3 para Galicia.

Intensidade da axuda

Subvención: 50% dos custos de implementación do plan de innovación da empresa (Axudas entre 50.000€ e 150.000€)

Orzamento total: 5.000.000 €

Beneficiarios



Micro, pequenas e medianas empresas

Organismo xestor:
Axencia Galega de Innovación

Tipo de apoio:
Axuda a fondo perdido

Código do procedemento:
IN848D

Data de publicación no DOG:
PENDENTE

Prazo de presentación de solicitudes:
Dous meses a partir da publicación da convocatoria

Presentación de solicitudes:
sede.xunta.gal

Máis información:

- gain.xunta.gal
- servizos.gain@xunta.gal
- 881 999 471
881 999 160



Condicións dos beneficiarios

- Microempresas, pequenas e medianas empresas individuais, de acordo coas definicións do Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 (www.boe.es/doue/2014/187/L00001-00078.pdf).

- Domicilio social ou centro de traballo en Galicia, onde deberán desenvolver as actividades para as que se solicita a axuda.

Condicións específicas da axuda

Plans de innovación

Os solicitantes deberán presentar un Plan de innovación no modelo tipo da convocatoria. O plan permitirá ampliar e consolidar a capacidade innovadora da empresa.

O desenvolvemento das actuacións do plan realizarase como mínimo ao longo dun ano e estenderase como data límite ata o 30 de novembro de 2018.

Informe Innobench

As empresas solicitantes terán que presentar o Informe Innobench, un estudio gratuito e personalizado, que permitirá coñecer o punto de partida en materia de innovación da empresa (www.zfv.es/innobench).

Actividades subvencionables

A) Actividades de Innovación: Estudo de novos produtos ou servizos innovadores, asesoramento en innovación, protección industrial/intelectual, ...

B) Innovacións en materia de procesos: solucións que melloren os procedementos internos da organización.

Innovacións en materia de organización: cambios e/ou ideas innovadoras que incidan positivamente no posicionamento da empresa.

Contía da axuda e pagamento

A axuda terá unha intensidade máxima do 50% do orzamento total subvencionable, cos seguintes límites:

	Orzamento total (mínimo-máximo)	Alcance da axuda (mínimo-máximo)
Micropemes	100.000 - 200.000 €	50.000 - 100.000 €
PEMES	150.000 - 300.000 €	75.000 - 150.000 €

O pago farase efectivo, para cada anualidade, unha vez presentada e comprobada a correcta xustificación da execución do plan de innovación.

Gastos subvencionables

As axudas finanziarán como máximo o 50% dos custos de implementación dos plans de innovación a executar.

Só se admitirán gastos realizados desde a data de presentación da solicitude de axuda.

Terán a consideración de gastos subvencionables só os custos directos que se deriven directamente das actividade do plan:

A) Para actividades de innovación:

1. Custos de obtención, validación e defensa de patentes e outros activos inmatariais.
2. Custos derivados da incorporación temporal de expertos altamente cualificados.
3. Custos de servizos de asesoramento e apoio en materia de innovación.

B) Para innovación en materia de procesos e organización:

1. Custos de persoal propio (ata o 50% do custo subvencionable) ou de nova contratación.
2. Custos de equipamento e material instrumental de nova adquisición.
3. Custos de adquisición de licenzas de propiedade industrial.
4. Custos de material, suministros e produtos similares.

Permitírase a subcontratación con organismos de investigación ou outras entidades, ata un máximo do 50% do custo total da actividade subvencionada.

Outras especificacións da convocatoria

Axudas cofinanciadas pola Unión Europea Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020 - Unha maneira de facer Europa.
Convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Adicionalmente, as entidades beneficiarias poderán solicitar acompañamento financeiro posterior para a comercialización e industrialización da innovación a través dos fondos de capital risco vinculados á innovación xestionados por XesGalicia.